

# WEKAB.COM: SON FORMADOR... BUSCO FORMADOR...

ORGANIZA: WEKAB

DATAS: 22/06/2015 A CORUÑA  
30/06/2015 VIGO  
01/07/2015 OURENSE

RETRANSMISIÓN POR STREAMING: NON

## ¿CAL É O PROGRAMA?

- **Presentación** xeral do proxecto
- **Entidades:** sedes e usuarios
- **Formadores:**
  - \* O perfil do formador
  - \* A reputación do formador
- A **busca** e a **selección** de formadores
- Quenda de preguntas e recollida de **feedback**

## ¿QUEN O ORGANIZA?

### WeKAb

WeKAb é a primeira plataforma en liña especializada en formadores e expertos do ámbito da formación para o emprego ou lifelong learning, na que estes poden darse a coñecer, xerar reputación, formarse e ser accesible ás empresas formadoras.

Trátase dun proxecto cualificado como IEBT (Iniciativa de Emprego de Base Tecnolóxica) pola Xunta de Galicia, que actualmente participa no programa Galicia Open Future de Telefónica e a Axencia Galega de Innovación.

### Relatores

Juan Diego Pereiro Areán, fundador e CEO

Organiza:



Colaboran:



## ¿ONDE E CANDO?

### A Coruña 22/06/2015

De 10:00 – 12.00 horas. **Aula CeMIT** do Centro Cívico de Eirís (A Coruña). R/ Terranova de Eirís, n.º 7

### Vigo 30/06/2015

De 16:00 – 18.00 horas. **Aula CeMIT** de Vigo. R/ Oporto n.º 1

### Ourense 01/07/2015

De 10:00 – 12.00 horas. **Aula CeMIT** Ourense. R/ Progreso n.º 44

## INSCRIPCIÓN

[cdtic.xunta.es](http://cdtic.xunta.es)

## ¿PARA QUEN?

**Formadores** de formación continua e ocupacional, profesionais sénior por conta propia ou allea que queiran dedicarse á formación como actividade complementaria.

**Entidades formadoras** (consultoras de formación, asociacións sindicais e empresariais ou outro tipo de empresas) que precisan formadores para atender as súas necesidades de negocio.

## ¿POR QUE?

Nunha sociedade que avanza a pasos axigantados, a incorporación continua de coñecemento ás empresas e ás institucións é unha necesidade vital para o seu crecemento e a súa supervivencia. Ese coñecemento reside en formadores e/ou profesionais sénior con ampla experiencia (freelance, consultores, empresarios, profesionais de oficios...) que poden atopar na formación unha actividade económica complementaria á habitual. Na práctica, as entidades formadoras teñen grandes dificultades para atopar o formador adecuado, e os formadores para atopar traballo. WeKAb nace como resposta a estas necesidades, pois **“conecta coñecemento”, poñendo en contacto a expertos e formadores con empresas formadoras**, de forma áxil e co factor reputación como eixe central.